

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A área de CIENCIAS SOCIAIS está deseñada co obxectivo de que as nenas e os nenos sexan activos, responsables e respectuosos co seu contorno inmediata e afastada. O paso do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implica que o alumnado ha de adoptar un coñecemento de si mesmo e da contorna que lle rodea, adaptándose a el e sendo capaz de contribuír ao seu avance e conservación. Isto significa tamén o recoñecemento da diversidade como riqueza multicultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica de mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso baseado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena.

Os alumnos deben adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes relacionadas co uso seguro de fontes fiables de información. Incidirase na educación para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, o respecto á diversidade, a actividade etnocultural, a cohesión social, o emprendemento, a valorización e conservación do patrimonio, a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en definitiva, nenas e nenos comprometidos co planeta e as persoas, que se converterán en adultos con intereses e inquietudes por preservar o medio ambiente que lles rodea e na formación da propia identidade cultural e social galega.

A gradación do contidos, a súa programación e a súa secuenciación non deben seguir necesariamente unha certa orde cronolóxica, senón que deben traballarse de forma integrada, adaptándose ás intencións didácticas e esixencias formativas que os alumnos requiren.

A participación nos CONTRTO-PROGRAMAS onde se inclúe o Plan Proxecta e máis a Radio Escolar axudarán a contextualizar o traballo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O clima, a Terra e a orientación	Traballaremos aspectos como os fenómenos físicos, os movementos da Terra, as zonas climáticas (especialmente os climas de Galicia a través do estudo da estación metereolóxica do centro) ou diferentes formas de orientación: a orientación natural e a través de mapas sinxelos.	17	18	X		
2	Medioambiente	Estilos dunha vida sostible, o cambio climático e a responsabilidade ecosocial. Tamén veremos como protexer os diferentes entornos naturais do noso país.	17	18	X		
3	Economía e seguridade viaria	Os contidos desta UD serán os diferentes tipos de pago, o diñeiro así como a seguridade viaria.	17	18		X	
4	Así é España e Europa	Veremos a organización política e territorial de España e Europa, así como as principais institucións. Nesta UD faremos un proxecto grupal de investigación. Cada grupo investigará sobre unha CCAA diferente.	17	18		X	
5	O paso do tempo	Os avances no tempo no campo da ciencia e a tecnoloxía, o papel dos individuos ao longo da historia ou a historia da localidade son algúns dos contidos a traballar nesta penúltima UD. Visitaremos un museo nesta UD	16	16			X
6	A Idade Antiga e a Prehistoria	Na derradeira UD analizaremos dúas etapas da historia: a Idade Antiga e a Prehistoria. O alumnado fará un proxecto de investigación, buscando información en internet e expoñendo ante os compañeiros/as os seus traballos.	16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O clima, a Terra e a orientación	18

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural valorándoos e protexéndoos..	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	Medioambiente	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona e identifica basicamente as características, organización e propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	Economía e seguridade viaria	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.	PE	55
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	45
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Así é España e Europa	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.	PE	50
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	50
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - A organización política e territorial de España.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.

UD	Título da UD	Duración
5	O paso do tempo	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.	PE	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo. Identifica problemas ecosociais, propón posibles solucións.	TI	60
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo. - Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

UD	Título da UD	Duración
6	A Idade Antiga e a Prehistoria	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.	PE	70
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	30
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga). - A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de chegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

A través da Radio Escolar e dos Contrato-Programas a contextualización achegará ao alumnado situacións educativas que conectan realidade e escola.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libreta e caderno
Computador de aula e tabletas individuais
PDI
Computadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Páxina web propia
Libreoffice writer // Word
Aula de radio.
Estudo de gravación

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará a primeira semana lectivas do curso (3 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais e unha proba escrita.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	60	50	55	50	40	70	54
Táboa de indicadores	40	50	45	50	60	30	46

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

A avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa na área, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Dispoñemos na nosa aula de alumnado repetidor, implementaremos un Plan Específico de Apoio en colaboración có Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X
ET.4 - Competencia dixital				X		X
ET.5 - Creatividade				X		X
ET.6 - Emprendemento		X		X		X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X				
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X				
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito. A identidade galega.			X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas (4) á contorna dentro dos Contrato - Programa	Na contorna de Baralla	X	X	X
Estudo da paisaxe de costa	Visita á Mariña			X
Casa das Ciencias	Visita ao Planetario da Casa das Ciencias no marco da UD1: O clima, a Terra e a orientación.			X
Varias actividades culturais	Visita á cidade de Lugo		X	

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes. As actividades realizadas engloban moitas áreas globalmente e non se circunscriben unicamente á área das Ciencias Sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elabóranse diferentes actividades e probas segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas e probas propostas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Adáptanse as probas e as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Esta avaliación farase trimestralmente tanto de xeito individual como entre o profesorado e as familias mesmo nas sesións de avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados